OPCIÓN A

BLOQUE I: ORIENTACIÓN

O presente bloque consta de 1 exercicio tendo unha cualificación total de 1,5 puntos

CASO PRÁCTICO

Pedro Fernández ten 45 anos, é español e vive en Ferrol (A Coruña).
Traballou desde os 18 anos en diferentes empresas de varios sectores, a saber, construción, comercio… e en hostalaría como camareiro, traballo no que centrou a maior parte da súa vida laboral. Así, desde 2002 até a actualidade (2022) traballou como camareiro, sumando un total de 4 anos e 2100 horas, distribuídas da seguinte forma:
- entre 2002 e 2005, suma 600 horas e 1 ano
- entre 2009 e 2022, suma 1500 horas e 3 anos

Pero, a pesar da súa experiencia, non posúe ningunha titulación que o acredite.
Preocupouse pola súa formación e nos últimos anos compatibilizou o seu traballo coa preparación nunha academia das probas libres para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria (ESO). Presentouse na convocatoria de maio de 2021 e aprobou, obtendo o título de Graduado en ESO. Ao mesmo tempo, estivo realizando varios cursos relacionados coas competencias profesionais que quere acreditar a través da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo por un total de 600 horas distribuídas da seguinte forma:
- entre 2005 e 2010, suma 200 horas
- entre 2012 e 2022, suma 400 horas

A súa intención é obter canto antes o título de *Técnico en Servizos de Restauración* (regulado no Decreto 58/2010, do 18 de marzo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Medio correspondente ao título de Técnico en Servizos en Restauración)

Faláronlle de dúas opcións (en 2022), pero non sabe en que consisten nin se pode facelo:
– presentarse ás probas libres para a obtención do título de formación profesional e
– presentarse ao Proceso de Acreditación de Competencias Profesionais para a obtención da cualificación profesional *Servizos de Restaurante, Bar e Cafetaría*

De acordo coa normativa vixente na Comunidade Autónoma de Galicia:

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,70	Cumpre Pedro os requisitos para participar no Proceso de Acreditación de Competencias Profesionais (nivel 2)?
2	0,10	Como Pedro trata de obter o título canto antes, pensa inscribirse ao tempo nas probas libres para a obtención do título, de forma que así tería unha dobre oportunidade para superar os módulos que pretende acreditar. É posible?
3	0,10	No caso de que fose posible a súa participación no proceso de acreditación e o superase con éxito, podería matricularse para o curso 2022-2023 no ciclo formativo de Técnico en Servizos de Restauración en réxime adultos? E no réxime ordinario?
4	0,10	No caso de que non fose posible a súa participación no proceso de acreditación ou de que non o superase con éxito, podería matricularse no curso 2022-2023 para o ciclo formativo de Técnico en Servizos de Restauración en réxime adultos? E no réxime ordinario?

5	0,40	No caso de superar o proceso de acreditación e poder cursar o ciclo formativo, que efectos tería, á hora de cursar o ciclo formativo, a acreditación das unidades de competencia? Onde o podería consultar?
6	0,10	Enumera as fases de instrución do procedemento de acreditación

BLOQUE II: PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O presente bloque consta de 1 exercicio tendo unha cualificación total de 2,25 puntos

CASO PRÁCTICO

Solicítaselle que realice un procedemento de avaliación do risco de manipulación manual de cargas para un posto de traballo de moza/ou de almacén dunha empresa de distribución.

A persoa traballadora realiza as manipulacións manuais de carga obxecto de avaliación nas seguintes condicións:

As cargas que se teñen que manipular consisten en obxectos decorativos de cristal pulido cun mal agarre e un peso de 4 quilogramos cada un. A persoa traballadora deberá recoller o obxecto dunha plataforma situada a 50 cm do chan (altura do xeonllo) e depositalo nuns andeis colocados a unha altura de 99 centímetros (altura do cóbado). Para a colocación da carga no andel deberá realizar un xiro de 90 graos e manipular a carga separándoa do seu corpo. Con todo, non será preciso que se desprace mentres efectúa a carga. A frecuencia de manipulación é de 1 vez cada 5 minutos durante unha hora por xornada laboral.

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,50	Calcula o peso teórico recomendado para protexer ao 95% da poboación e os elementos a considerar para o seu cálculo
2	0,70	Calcula o peso máximo aceptable para o mesmo nivel de protección, con indicación dos factores de corrección a aplicar
3	0,75	O empresario tamén se pregunta se é posible que un traballador ordinario (85% da poboación) realice esta tarefa durante máis tempo durante a súa xornada laboral e, de ser o caso, durante canto tempo (realiza o cálculo)
4	0,30	No caso de que tivese que desprazarse coa carga, indica o peso máximo que podería transportar por día en consideración á distancia de transporte se esta fose de 5 metros e se esta fose de 15 metros

BLOQUE III: DEREITO LABORAL

O presente bloque consta de 2 exercicios tendo unha cualificación total de 2,25 puntos

CASO PRÁCTICO 1

No club Estrafol SL acaban de inaugurar a tempada estival coa apertura das piscinas. Contrataron a un novo socorrista o 1 de maio de 2022.

O mencionado socorrista finaliza o seu contrato o 30 de setembro de 2022. Dáselle de baixa na Tesouraría por interrupción do fixo descontinuo (o próximo chamamento sería en maio de 2023). Con todo, a empresa cesa na súa actividade o 31 de decembro de 2022.

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,60	Poderíase facer un contrato fixo descontinuo a tempo parcial ao socorrista para a tempada de piscina se o convenio colectivo estatal de mantemento e conservación de instalacións acuáticas non o prevé, ou tería que ser un contrato fixo descontinuo a xornada completa?
2	0,35	Hai que indemnizar ao traballador? No seu caso, por cantos días?
3	0,40	Como se calcularía a indemnización ao existir períodos sen prestación de servizos?

CASO PRÁCTICO 2

Os obxectivos dos Tratados da UE alcánzanse por medio de distintos tipos de actos lexislativos, principalmente Regulamentos, Directivas e Decisións.
Indícanse a continuación 3 actos xurídicos da Unión Europea:

a. REGULAMENTO (UE) 2016/589 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 13 de abril de 2016 relativo a unha rede europea de servizos de emprego (EURES), ao acceso dos traballadores aos servizos de mobilidade e á maior integración dos mercados de traballo e polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº 492/2011 e (UE) nº 1296/2013.

b. DIRECTIVA (UE) 2019/1152 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 20 de xuño de 2019 relativa a unhas condicións laborais transparentes e previsibles na Unión Europea.

c. DECISIÓN (UE) 2018/1215 DO CONSELLO de 16 de xullo de 2018 relativa ás orientacións para as políticas de emprego dos Estados membros.

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,30	Os Regulamentos: • teñen forza vinculante? • Cal é o seu ámbito de aplicación? • como se aplican no noso ordenamento xurídico interno?
2	0,30	As Directivas: • teñen forza vinculante? • Cal é o seu ámbito de aplicación? • como se aplican no noso ordenamento xurídico interno?
3	0,30	As Decisións: • teñen forza vinculante? • Cal é o seu ámbito de aplicación? • como se aplican no noso ordenamento xurídico interno?

BLOQUE IV: SEGURIDADE SOCIAL

O presente bloque consta de 1 exercicio tendo unha cualificación total de 2 puntos

CASO PRÁCTICO

Lucía Fernández rexenta unha pequena floraría na que non ten ningunha persoa traballadora contratada. Está dada de alta no RETA da Seguridade Social desde o día 1 de xaneiro de 2017, data na que concertou a protección coa Mutua Vida. Cando empezou a cotizar fíxoo polo mínimo obrigatorio sen ningunha mellora voluntaria, situación que mantivo até a actualidade. A actividade vén arrastrando constantes perdas desde o inicio da pandemia pola caída das vendas de flores. Actualmente ela cifra a caída de negocio con relación ao ano 2020 -segundo os datos contables e fiscais, tanto de IRPF como de IVE, que ten do exercicio do 2021, o anterior- en máis dun 15% con relación ao ano 2020. Ante esta situación pretende liquidar o seu negocio co peche fiscal do segundo trimestre, facéndoo con carácter definitivo con data 30 de xuño de 2022 e porse a buscar activamente emprego por conta allea, xa que non quedou contenta da súa experiencia empresarial. A base de cotización que tivo durante o ano 2021 foi de 1250 euros de maneira constante, con moito esforzo pola súa banda. Para o ano 2022 decidiu baixala até os 1000 euros polas enormes dificultades que atravesaba o negocio. A pesar de non gozar nin un só día de vacacións durante este ano, Lucía ten todas as cotas ao corrente de pago a día de hoxe. Actualmente ten 44 anos, tres fillos menores de 12 anos -que non perciben ningún tipo de renda- e o seu cónxuxe está a percibir un subsidio por desemprego para maiores de 52 anos. Antes desta experiencia traballara como dependenta dun negocio do mesmo sector durante 6 anos completos, tendo unha base de cotización estable nese período de 1400 euros mensuais por salario pactado en contrato individual.

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,50	Ten dereito Lucía a algún tipo de prestación no caso de que decida pechar definitivamente o 30/06/2022 a actividade que vén desenvolvendo? De considerar que si o ten debes indicar de que prestación se trata e xustificar todos os requisitos que debería cumprir para poder percibila.
2	0,25	De ter dereito, onde tería que facer a solicitude e en que prazo?
3	0,25	No caso de que consideres que ten dereito á prestación, durante canto tempo tería dereito e cando empezaría a percibila?
4	0,75	Calcula e xustifica de ser o caso, a contía da prestación neta que tería dereito a percibir Lucía no mes de xullo.
5	0,25	Se tivese dereito á prestación, podería haber algún cambio significativo na mesma a partir do mes de xaneiro do 2023?

BLOQUE V: EMPRESA E ECONOMÍA

O presente bloque consta de 2 exercicios tendo unha cualificación total de 2 puntos

CASO PRÁCTICO 1

Coñecida a seguinte información contable da empresa ALBA, S.L. a 31 de decembro pasado, na mesma están preocupados polo equilibrio financeiro, o endebedamento e a rendibilidade da empresa debido aos elevados gastos financeiros:

ACTIVO		PASIVO E PATRIMONIO NETO	
Activo non corrente	**339.500**	**Patrimonio neto**	**157.200**
Inmobilizado inmaterial	9.400	Capital social	60.000
Inmobilizado material	330.100	Reservas	18.000
Inmobilizado financeiro	0	Remanente	15.000
		Perdas e ganancias do exercicio	64.200
		Pasivo non corrente	**223.600**
Activo corrente	**119.800**	Débedas l/p entidades de crédito	223.600
Existencias	28.300		
Realizable	52.250	**Pasivo corrente**	**78.500**
Dispoñible	39.250	Provedores	18.200
		Acredores	37.300
		Débedas c/p entidades de crédito	23.000
TOTAL ACTIVO	**….459.300**	**TOTAL PASIVO E PATRIMONIO NETO**	**…..459.300**

Outra información:
•A cota do imposto de sociedades é un 25%.
•O resultado de explotación é 106.100 €.
•Os gastos financeiros do exercicio son 20.500 €, e non hai ingresos financeiros.

Hai que realizar unha análise económica-financeira, propondo medidas a tomar no seu conxunto, que inclúa información sobre o seguinte:

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,50	Para a análise do equilibrio financeiro, tanto a curto como a longo prazo, calcula e comenta as medidas a adoptar segundo o resultado de: - ratio de tesouraría ou test acedo - ratio de garantía, solvencia ou distancia da quebra
2	0,50	Para a valoración do endebedamento da empresa calcula e comenta as medidas a adoptar segundo o resultado de: - ratio de endebedamento - ratio calidade da débeda.
3	0,50	Para a rendibilidade, calcula e comenta as medidas a adoptar segundo o resultado de: - rendibilidade económica - rendibilidade financeira.

CASO PRÁCTICO 2

Unha empresa que comercializa un único produto desexa reducir o custo de inventario determinando o número óptimo de unidades en cada pedido ao fabricante. A demanda anual é de 200.000 unidades; o custo de preparación ou lanzamento por pedido é de 50,00 euros, e o custo de almacenamento por unidade e ano é de 0,80 euros.

Pregunta	Puntuación	Cuestións a contestar (xustifica as respostas)
1	0,15	Calcula o número óptimo de unidades por pedido.
2	0,15	Se este ano foron laborables 240 días, calcula o número de pedidos que deben ser realizados e o tempo esperado entre os mesmos.
3	0,20	Calcula o custo de inventario total anual.